

# A Festa da Lingua e a arte de dicir de Salvador Cabeza de León

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL\*

## Sumario

Aproximación á Festa da Lingua en Santiago no ano 1924, e á *ars dicendi* de Salvador Cabeza de León.

## Abstract

An introduction to the Language Festival in Santiago in the year 1924 and to the art of speaking of Salvador Cabeza de León.

Os anos 24, 25 e 26 foron dunha grande actividade galeguista. No ano 1923 morre Manuel Murguía, o home de Rosalía de Castro, e en outubro do mesmo ano, despois dunha camiñada até Ortoño á casa onde nacera Rosalía no Val de A Maía, tomando esta como algo simbólico, créase, vencellado á Universidade de Santiago, o Seminario de Estudos Galegos, institución científica para divulgar o patrimonio cultural de Galicia, dedicándose ao estudo de todo canto afectaba á súa vida, con novos investigadores que alí se formaban.

O 24 é sinalado tristemente porque morre, aos 34 anos de idade, un dos «bos e xenerosos», Xohán Vicente Viqueira, filósofo e mestre do galeguismo; pero é tamén un ano moi importante ao producirse acontecementos de influencia decisiva para a causa galeguista. Na prensa galega nacia o diario vigués *El Pueblo Gallego* vencellado ao protector do Seminario de Estudos Galegos Portela Valladares. En Lugo nacia a revista vangardista *Ronsel* dirixida por Correa Calderón e con Álvaro Cebreiro como director artístico. Na Coruña aparecía a Editorial *Lar* dirixida por Leandro Carré Alvarellos, con Ánxel Casal como administrador. Os membros fundadores, numerarios e correspondentes do Seminario de Estudos Galegos presentan moitos traballos<sup>1</sup>, entre todos destacamos os de Armando Cotarelo Valledor, o que fora primeiro presidente, con varias comunicacións e o traballo anual que tiña por título *Un villancico gallego*; Xosé Filgueira Valverde, un dos fundadores e secretario de Información, fai o traballo anual sobre *Nuevos documentos para la historia del Patronato*, e dúas comunicacións: unha titulada *Narración de la peregrinación jacobea*, e a outra *Ceremonial de entrada de los arzobispos compostelanos*; Fermín Bouza Brey, outro dos fundadores, fai o seu ingreso co traballo *En col do arte rural galego e unha das súas manifestacións*, e presenta o traballo anual *Necesidade dunha revisión das obras de Pondal e novos datos para a súa biografía*; Manuel Lugrís Freire ingresa co traballo *Unha conversa encol de Pondal*; Ángel del Castillo ingresa co

\* **Concepción Delgado Corral** betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

<sup>1</sup> Cf. O traballo de Fernández del Riego, «A actividade do Seminario de Estudos Galegos no período 1923-1926», asinado como Cosme Barreiros, *Grial*, nº 71.

traballo *Munio Peláez*, aportando tamén un estudo sobre a *Eirexa de Cambre*; Alfonso Rodríguez Castelao realiza o seu ingreso co traballo sobre *O novo espíritu* e presenta as estampas do *Album Nós*; Ramón Otero Pedrayo fai o seu ingreso co traballo *Síntesis xeográfica de Galicia*; Vicente Risco ingresa co traballo *O Castro de Caldelas*; Florentino L. Cuevillas fai o ingreso con *A idade de ferro na Galiza* e presenta o traballo anual *As mámoas do Concello de Lobeira*; o presidente de honor, arcebispo Manuel Lago González, fai o seu discurso de ingreso; Salvador Cabeza de León pronuncia no mes de maio o seu discurso de ingreso no Seminario, *Un episodio de la vida académica de Fontán*. Outro acontecemento importante é a celebración duns Xogos Florais que terían lugar nas festas do Apóstolo por acordo da Liga de Amigos.

En plena ditadura de Primo de Rivera a Liga de Amigos de Santiago convoca estes Xogos Florais, con 19 temas, nos que os traballos deberían estar escritos no idioma galego. O certame literario musical presentábase como unha gran festa da lingua.

Algús dos 19 temas do certame quedaron desertos:

1º Poesía con liberdade de asunto e metro. Premio de honor para don Eladio Rodríguez González por *Oracións campesiñas*, co lema «Todo o campo é unha oración».

2º Romance galego de asunto popular.

3º Poesía cómica.

4º Drama en prosa ou en verso, de un a tres actos. Premio para don Vicente Risco por *O bufón d'El Rei*, co lema «Salmántiga».

5º Obra cómica teatral nun acto.

6º Conto en prosa. Premio para don Manuel García Barros.

7º Novela curta. Premio para don Ramón Otero Pedrayo por *Pantelas, home libre*, co lema «Dorme na man de Deus eternamente».

8º Lenda rexional, histórica ou relixiosa. Mención para don Eugenio Carré Aldao polo traballo presentado co lema «Fraternidade».

9º Descrición dun costume popular en Galicia. Premio para don Xosé Filgueira Valverde polo traballo sobre os maíos, presentado co lema «Este mes de Mayo é o mes das frores en que os paxariños deixan ver os seus amores».

10º Colección de refráns de almanaque. Premio para don Eugenio Carré Aldao polo traballo presentado co lema «A amada non se pilla á carreira».

11º Música para un cantar de Rosalía Castro. Premio para don Mariano Farto Parra.

12º Muíñeira para piano. Premio para don José F. Vide.

13º Colección de cantigas (música) dunha rexión de Galicia.

14º Bibliografía dun galego célebre, nado denantes do século XIX. Mención para don Angel del Castillo polo traballo «Don Diego de Muras».

15º Exposición dun feito histórico acaecido en Galicia denantes do século XIX. Premio para don Angel del Castillo.

16º Discrición gráfico-arqueolóxica dun monumento galego (castro, Castelo, igrexa, mosteiro ou pazo). Premio para don Angel del Castillo.

17º Os historadores xeneraes de Galicia (biografía e crítica).

18º Biografía dunha rexión, pobo, feito ou persoaxe de Galicia

O xurado, como correspondía a un certame con premios para pezas literarias e musicais, estaba formado por dous literatos: Cotarelo Valledor e Cabeza de León; e dous músicos: Manuel Soler Palmer e José G. Curros.



O betanceiro Salvador Cabeza de León.

A ditadura de Primo de Rivera consideraba perigosas as manifestacións de reivindicación das diferentes culturas do estado e, no segundo ano do novo réxime político, o xeneral aproveitou a súa designación por Alfonso XIII como «delegado rexio» na tradicional ofrenda ao Apóstolo para proclamar a Santiago patrón de España e considerar ese día como festa nacional española. A designación e o discurso deste «delegado rexio» contrastaba co traballo dos galeguistas, que convertían a cidade de Santiago nun lugar central dunha Galicia que trataba de destacar as súas características culturais diferenciadas. Convócase un concurso literario e para o día 28 do mesmo mes un certame de gaitas e bailes, do que saíría gañador Avelino Cachafeiro, o gaitero de Sotelo de Montes<sup>2</sup>. Anunciábase en *A Nosa Terra* unha auténtica festa galeguista para a que se pedía o apoio de todos os amantes da Terra<sup>3</sup> A publicación expresaba o desexo de que todos, incluído o mantedor, fixeran uso do idioma galego.

Salvador Cabeza de León fora un dos iniciadores da oratoria en galego nos Xogos Florais de Tui en 1891, xunto co presidente Manuel Murguía e o mantedor Alfredo Brañas, autores de tres discursos en galego, o de Salvador Cabeza de León como secretario. Polo dominio da palabra, que demostrara moitas veces, requirírono para falar en numerosos actos e, como mantedor, participara no Certame Histórico organizado polo concello de Santiago en 1909 para celebrar o centenario da guerra da Independencia, e tamén no Certame da Virtude e do Traballo celebrado en 1923 na cidade do Ferrol na honra do Marqués de Amboaxe. Admirado non só polo dominio da palabra senón tamén pola súa cultura e pola actividade literaria foi escollido como mantedor do certame.

O sábado 26 de xullo, ás sete da tarde, deu comezo no Teatro Principal a *Festa da Lengua Gallega* con música: a banda municipal executou a marcha Real Galega. Seguidamente foron abertas as plicas dos traballos premiados, sendo o premio de honra para Eladio Rodríguez González que leu a poesía gañadora «Oracións campesiñas». O autor da muiñeira premiada, señor Fernández, executouna ao piano. Un barítono cantou a «Cántiga galega» con letra de Rosalía, orixinal do mestre Mauricio Farto. Despois da interpretación pola banda municipal da peza musical *Galicia Pintoresca*, da autoría do director da mesma, Fernández Carreira, o cuarteto *Celta* interpretou a partitura musical do drama *Rosiña*, de Xesús San Luís, sendo recitada polo propio autor, quen tamén leu un texto da súa famosa obra *O Fidalgo*.

A continuación Salvador Cabeza de León pronuncia o seu discurso. Comeza confesando a súa sorpresa por ser designado pola Xunta da Liga de Amigos como mantedor; con modestia confesa que, despois de moitas razóns expostas para disuadir aos integrantes, a obstinación destes fixo que non puidese renunciar a tal honor. A continuación pide permiso para falar do profundo amor a Galicia de tres ilustres galegos que, segundo el, poden citarse como modelos de «galegos enxebres»: Diego Cernadas y Castro, Abade de Fruíme, o Padre Pascasio Seguí, xesuíta, e Frai Martín Sarmiento, beneditino. Os tres, afirma, cumpriron cos deberes da súa condición sacerdotal sen descoidar a súa adoración pola terra:

<sup>2</sup> *El Compostelano* de 29 de xullo de 1924 infórmanos do certame de gaitas e bailes. Participaron nove gaiteros, o primeiro premio, con 150 pesetas, foi para Avelino Cachafeiro. No certame de bailes quedaron desertos o primeiro e o segundo premios, outorgándose 50 pesetas a cada unha das parellas participantes e que formaban parte do coro de Santiago Cantigas e Agarimos. O tribunal estaba integrado por Ricardo Fernández Carreira, José Gómez Curros e Esteban Mariño Caldelas.

<sup>3</sup> *A Nosa Terra*, 1 de maio, 1924.

Pra que vexades como se pode idolatrar a esta sin mingua de outros amores, como é posible sentir polo chan onde nacimos un culto cheo de fervorosa pasión sin arrincar por eso da yalma outros cultos... Vou a lembrarvos como quixeron, como adouraron a súa terra, que é tamén a nosa, tres ilustres galegos a quenes, nin a sotana do crego, nin o hábito do relixioso, nin a cogula do frade, impediron abrazarse no santo amor a Galicia nin loitar con baruda enerxía en defensa da honra e dos prestixios da nosa Nai, non poucas veces, no tempo que eles viviron, estúpidamente ultraxados.

En primeiro lugar fala de Cernadas y Castro, nado en Santiago nos comezos do século XVIII e morto nesta cidade tamén, en 1777. Mostra coñecer á perfección a súa obra afirmando que no tomo primeiro das *Obras* do Abade se encontran recollidas moitas das ignominias que se dixeron contra Galicia, citando a seguinte redondilla:

Camino en que quepan dos,  
Verdad, limpieza y justicia,  
no encontrarás en Galicia  
aunque los pidas por Dios.

á que o Abade contestou cos sonetos que comezan «Reyno infeliz, país desventurado», e «Soberano Señor que permitiste».

Di que a sona de Fruíme espallábase por toda España e a el acudían moitos galegos solicitándolle versos para contestar ás aldraxes coas que os atacaban. Así o fixeron uns oficiais galegos do Reximento de Cantabria destacado en Zaragoza, aos que unha señora principal mostra un romance que desde Galicia lle mandara un capitán do Reximento de Granada. O romance era ofensivo non só para Galicia senón tamén para a zona comprendida desde Astorga até a aterra galega. A resposta, chea de carraxe, ás ofensas dirixidas contra Galicia, é a do escritor «guerrilleiro da pruma», como o denomina Cabeza de León. O autor da copla fala de sucesos que lle ocorreron na viaxe de Zamora a Galicia, facendo observacións non propias para ser escritas nun romance dirixido a unha dama; O Abade críticoa por atrevido e groseiro:

En quien a una dama escribe  
y de honor tan delicado,  
tocar asunto tan sucio  
es un estilo muy zafio  
semejantes libertades  
bien nos están indicando  
que extendéis a lo atrevido  
las licencias de soldado.  
Y al sujeto en cuya pluma,  
se ven rasgos tan villanos  
no le dá nombre de noble  
el apellido de Hidalgo.

Continúa coa crítica ao autor do romance, e defende aos maragatos:

¡En aire de charlatán  
 andais con los maragatos  
 a pullas, sin advertir  
 que os pueden echar los machos!  
 Advertid que no os conviene,  
 ni por pienso mordiscarlos  
 pues para darles cebada  
 tienen morrales a pasto.  
 Sobre todo es cosa chusca  
 oíros con que esparpajo  
 habláis de Galicia,  
 como pudiera el más mentecado  
 Cuando el romance escribisteis  
 ¿quién os estaba soplando  
 la musa? Sin duda ha sido  
 el espíritu de un frasco.  
 No debe de ser Galicia  
 tal como la habéis pintado,  
 cuando hay tantos que por ella  
 olvidan el suelo patrio.  
 Sin duda es buena colmena,  
 pues sobre su panal grato,  
 como moscas a la miel,  
 se ven tantos apiñados.

Ademais de exercitar o seu inxenio nestes exercicios literarios, Cabeza de León di que o erudito abade non tivo reparo en medir as súas armas no campo da ciencia histórica cun adaíl de tanta forza como o agustino Padre Flórez, discutindo sobre a patria de Prisciliano a quen Fruíme non quere conceder carta de cidadanía en Galicia por ser un herexe. Nas *Vindicias históricas por el honor de Galicia* contende co analista Haerta, co Padre Mariana e co Padre Flórez. O orador reconece que son erróneos certos criterios históricos do Abade, pero afirma que hai que desculpalo porque son provocados polo seu grande amor por Galicia. Todos os contidos dos sete volumes da súa obra, mesmo as obras de circunstancias, que seguramente o propio autor non recollería para a súa publicación, teñen interese polo sentimento que as inspira.

Acaba así:

O contemplar, pois, na frondosa labor daquel omilde crego (que pasou seus días, e non é pequeno méreto, ao fronte dunha probe freguesía) as ramas e follas que o tempo foi murchando, lembrémonos da vida que onte tiveron e lembrémonos, sobre todo, de que esas ramas e follas que tan sen cor e tan mortas hoxe nos aparecen, saíron alcesas no meigo amor da terra e foron santificadas porque sirviron para cinguir a fronte augusta da nosa Nai, Galicia.

A continuación fala do Padre Seguín, home dedicado a enaltecer Galicia e, segundo Cabeza, cunha fantasía chea de fogo e patriotismo que o levan, nos dous volumes da súa obra *Galicia, Reyno de Cristo Sacramentado*, a facer afirmacións que non poden deducirse dos textos que cita e que hai que xustificar polo grande amor á terra: Galicia é o reino vinculeiro da igrexa; a última palabra de Cristo foi para mandar os seus apóstolos que fosen no seu nome a Galicia; o día do xuízo universal Cristo utilizará, na gloria ao Pai Eterno, a hostia consagrada que está exposta na catedral de Lugo. Cita ademais a interpretación do gran prodixio do que fala o libro da Apocalipse cando o profeta ve nos ceos unha muller vestida do sol coa lúa baixo os pés e coroada de doce estrelas, que para moitos significa a igrexa universal, e para el é a representación de Galicia vestida de Cristo Sacramentado.

Do valor mostrado polos galegos de toda condición, nobres e campesiños, mulleres e nenos, lembra, de entre os episodios destacados citados polo sacerdote, o das campañas de Flandes no que foi heroe, un ano despois de morrer, o esforzado mestre de campo das tropas españolas, Pedro de Paz.

Finalizada a exposición sobre Seguín, comeza a do Padre Sarmiento dicindo que o amor deste á terra non é menos intenso. Autor dunha obra, case toda inédita, onde predominan os temas galegos: historia natural, historia política, pedagogía, socioloxía, filoloxía, medicina, flora e fauna de Galicia, o idioma galego, o ensino, a economía, Sarmiento é un sabio que ama a terra e este amor provoca que Galicia sexa o seu principal tema de estudo, como o será tamén para el, e como o debe ser para todo bon patriota:

Pensa, e pensa ben, que a primeira obrigación de todo bon patriota é estudar o país onde naceu e se criou; desvanecer os erros que en torno dos problemas que a ese país intresan, haxan podido formarse; amstrar ós estranos canto de proveitoso, sano, nobre, gorrioso, se atopa no chan, nas xentes, nas vilas, na estoria do mesmo país; e eisaltar, sen grotescas eisaxeraciós, pro con incansable constancia, con fervente amor, e, se é perciso con viril enerxía, os patrios valores.

A paixón pola cultura e o amor á terra están nel íntimamente unidos, provocándolle o desexo de facer un dicionario da lingua galega a partir das falas que escoita ás xentes. Como os outros dous autores, ataca os que inxurian Galicia, e deste ataque non se salvan famosos como o gran autor de *Os Lusíadas*, Camoens, Duarte Núñez ou Faria Sousa, tildando de «graxos graznadores» a cantos portugueses se atreveron a inxuriala. Tamén sabía loitar coa pluma convertida en arma:

Cando chegaba a hora de convertir a pruma en arma guerreira pra loitar pola honra e polos prestixios da rexión, non se quedaba rezagado o Valente frade, e nin as especies que lle henchían o entendemento, nin a cogula que o suxetaba dentro dos seus ríxidos priegues, eran oustáculo para que coa máis gallarda desenvoltura e co máis xentil desenfado, arremetese contra os inimigos e descargase neles golpes a eito. O amor de fillo non lle primitía usar de misiricordia cos ofensores da súa Nai.

Remata o recorrido pola obra dos tres autores desexando ter sido capaz de transmitir o amor a Galicia destes homes, dos que el se declara seguidor:

¡Vivan seus nomes pra sempre nos corazóns de todos os galegos, sayan dos nosos beizos unxidos coa piadosa reverencia que se debe ós antepasados a quenes semos deudores dos máis groriosos timbres familiares; e sirvan súa vida e súas obras de lus, guía e exempro nas batallas que inda teñamos que reñir polo honor e pola grandeza de Galicia!

Dírixese ao público, homes e mulleres, dicindo que deste amor debemos contaxiarnos todos:

Pero non soilo a eles, miñas donas e meus señores; cantos ostentamos como honroso timbre o nome de galegos, debemos camiñar guiados tamén polas lumiosas rayolas desa estrela e levar como lábaro bendecido o inquebrantable porpósito de ser en todos os istantes da nosa eistencia e en calquer lugar da terra a onde a sorte ou a desventura nos conduza, cabaleiros andantes da altísima e fermosísima princesa, Galicia.

E reivindica o galeguismo como un xeito de engrandecer España:

E tede a seguridade que canta máis obra de galleguismo fagamos, mellor traballaremos pola grandeza de España. Se queremos unha Galicia forte, rica e culta, é porque non queremos unha España encrenque, pobre e atrasada, senón que ambizoamos, como dixen noutra ocasión (e perdoade traya a este sitio cita de autor tan omilde) unha España cuyo nome sexa renunciado con amoroso respecto por todos los pobos; que espande súa gloria hastra os máis lexanos currunchos da terra; e ocupe no concerto das naciós o outísimo lugar onde a colocan nosas espranzas e desexos.

Na parte final, Cabeza de León diríxese ás mulleres, e pon a Rosalía de Castro como paradigma da feminidade convencional, pero a autora, recoñecida como máis que un gran poeta, o poeta por excelencia, pode servir de exemplo tanto ás mulleres como aos homes sen ter que facer esta selección con marcas de xénero na audiencia. Procura reforzo na autoridade de Rosalía para pedirilles que sigan o seu exemplo de amor á terra:

Vayan a vosoutras, señoras que me escoitades, miñas últimas frases que quixera poder tinguir co os cores e envolver nos perfumes das rosas do noso chan para que non fosen indinas dos vosos feitizos; e quixera tamén que como afiadas saetas firisen vosos corazóns e cravasen neles pra sempre o santo amor que pola terra sinteu aquela escelsa Rosalía, que debe ser para vós como a santa Patrona a quen vos encomendedes e de quen dependades a sagra leución dese amor. Ninguén como ela soupo facer vibrar toda las cordas do corazón galego. Ela sinteu súas carnes rachadas polas mesmas espiñas que rachaban as carnes de Suevia, e por eso é máis que un gran poeta; é o poeta por excelencia, é Galicia feita carne e sangue, Galicia que nela chora, nela ri, nela canta, nela chama ós seus fillos pra que veñan a loitar por ela e ofrendarlle, se perciso fora, as súas vidas, por eso os cantos de Rosalía teñen a veces a vaga malenconía do *a-la-lá* que tan estrano zoa nas noites de luar ó perderse súas notas infinitas na estensión das tristes gándaras; outras parés como que brincan e aturuxan ós churrasqueiros sons da muiñeira ou da alborada; xa se sinten neles berros de rapazas e rapaces en fiadas e regueifas; xa cheiran con cheiro de fiunchos e espadañas, e zoan cos piñeirales e brúan coas carballeiras, e mostran en fin todo los sons e todo los cores do chan e do ceo galegos.

Dirixíndose ás mulleres remata o discurso utilizando os versos de Rosalía, non por erudición senón como un recurso para convencer, que é tamén unha homenaxe á autora que tan bela e sentidamente soubo expresar o amor por Galicia:



Levade, miñas donas, no corazón e nos beizos como piadosa orazón para rezar de cote nos altares da pátreas, as maravillosas estrofas da nosa meiga musa; e se algunha vez vos atopades lonxe da terra, decide con Rosalía chea de unción a yalma e de bágoas os ollos:

Doces galeguiños aires,  
quitadoiriños de penas,  
encantadores das augas,  
amantes das arboredas,  
música das verdes canas  
do millo das nosas veigas,  
alegres compañeiriños,  
run-run de totalas festas,  
levaime nas vosas alas  
como unha follia seca.  
Non permitás que aquí morra,  
airiños da miña terra,  
que aínda penso que de morta  
ei de sospirar por ela.  
Aínda penso, airiños aires,  
que dimpois que morta sea,  
e aló polo campo santo,  
onde enterrada me teñan,  
pasés na calada noite  
runxindo antre a folla seca,  
ou murmuxando medrosos  
antre as brancas calaveras,  
inda dempois de mortifia,  
airiños da miña terra  
eivos de berrar: ¡airiños,  
airiños, levaime a ela!

Tras a palabra «Dixen», coa que o orador finalizou o discurso, seguiu unha grande ovación e a interpretación do Himno Galego escoitado en pé<sup>4</sup>.

A brillante exposición foi concibida como unha obra escrita seguindo unha orde: un principio onde se presenta o orador coa modestia propia do sabio, o corpo que contén a análise das obras dos tres autores e un final coa poesía necesaria para provocar a emoción do público. Desde o comezo maniféstase claramente a intención do autor: que o amor por Galicia destes homes sexa un exemplo a seguir. Así pois o obxectivo proposto é persuadir, e esta peza que instrúe, agrada e conmove, é unha obra mestra nesta arte. Cabeza de León é un docente con autoridade e cunha inmensa cultura. Pretende transmitir os seus coñecementos sobre as obras dos tres clérigos, pero tamén é un literato que non esquece un propósito estético e así, á función didáctica básica do discurso vai unida unha intención artística. O estilo traballado, a arte de ordenar as palabras e o coidado da forma orixinan un discurso brillante. Como orador elocuente pretende que, ademais de brillante, este discurso sexa eficaz e para isto dispoño e actúa cunha técnica semellante á do estratega militar, seguindo a preceptiva de Aristóteles, para alcanzar a victoria por medio da palabra. O

resultado é un discurso ideolóxico ao mesmo tempo que panexírico, obra dun mestre da *Ars dicendi*, que sabe informar, deleitar e emocionar. A intención do autor de convencer é a victoria conseguida, resultado final dun mestre tamén da *Ars persuadendi*.

Salvador Cabeza de León con este discurso en galego contribuiu ao grande éxito da Festa da Lingua que se celebrou no teatro Principal de Santiago de Compostela o 26 de xullo de 1924. Demostrou que era non só un dos primeiros cultivadores da prosa científica en galego senón tamén un magnífico orador, iniciador do xénero, e un crítico literario que sabía recoñecer e aprezoar obras importantes como as gañadoras neste certame entre as que estaban *Pantelas*, *home libre* de Otero Pedrayo ou *O bufón d'El Rey*<sup>5</sup> de Vicente Risco.

---

<sup>4</sup> Información recollida en *A Nosa Terra*, 1 de setembro 1924. O discurso aparece íntegro e como un texto escrito, seguramente revisado polo autor, con notas a pé de páxina.

<sup>5</sup> Cabeza de León admiraba a obra de Vicente Risco. En carta a Filgueira Valverde destaca a modernidade da obra narrativa *O porco de pé*.